

Poemas

Luísa VILLALTA

Fada Morgana

No espello das fadas ollamos as mulleres o teu rosto
penteando os cabelos das nosas ambicións.
Algunhas, horrendas do seu temor,
cuspiron palabras contra si mesmas na fonte
para que ti, un día oscilante, deses que sabes montar
e só a ti che deixan, mansos, suxeitar as rédeas,
as encontrases devastando campos
voltos a sementar por femias femias (xx).
Palabras insultantes dun vocabulario restrinxido,
as últimas espadas perdidas na castración,
alfinetes, enfin, tan letais como ridículos.
Fada Morgana,
aquelas que non nos derrotamos
temos pena por ti e os nosos fracasos:
tamén queremos noso o reino
que o noso irmán detenta por cromosoma (y).
Só que nós, as que te seguimos,
imos lentamente arrastando o noso peso xenital
por manernos libres da castración (xxy).
Machos en nós, daremos vida a un novo heroe
que teña o teu aspecto, o teu coñecimento
e a nosa liberdade.

Soedade ou mercado

Soedade ou mercado,
así falou Zaratustra
cando ía só camiño do mercado
para falar, falar coa xente.
Soedade ou lingua
por atar a soedade ao mastro das sereas.
Lingua ou pexa,
sorpresa muda a estribor da rutina
nunha noite calma ensarillada
na virxe espera pola clientela
ou pola morte.
A mellor soedade
é a que se vende no mercado:
así pensou Zaratustra
cando regresaba só á casa
coas mans valeiras.